



Concello de Cangas

O Programa de rutas guiadas gratuítas "Sábados en ruta" dá paso a "Outono en ruta"

Cangas, 28/10/2016

A Oficina de Turismo do Porto, este sábado ás 11h, será o punto de partida da ruta "Rúas con historia" última do programa "Sábados en ruta".

Organizado pola Concellaría de Turismo e Medio Ambiente do Concello de Cangas e levado a cabo pola Asociación de Animación Sociocultural e Turística "A Illa dos Ratos", este proxecto contou cunha gran acollida entre os meses de setembro e outubro.

Nesta ocasión, o recorrido realizarase polo centro de Cangas, prestando especial atención a algo que vemos todos os días pero no que non adoitamos pensar: Que persoeiros están detrás do nome das rúas? Que historias esconden? Por que se lle dedica unha rúa en Cangas? Estas e outras preguntas serán resoltas ao longo dunha visita que durará unhas dúas horas e recorrerá parte do centro histórico ata o barrio do Forte, prestando atención a persoeiros como Montero Ríos, Félix Soage, Saralegui, Valentín Losada, María Soliña, Pepe "o Poeta", etc. "É moi importante que a veciñanza coñeza a historia de Cangas e unha maneira moi cercana e didáctica é a partir das persoas ás que se lles dedica unha rúa. Quen é Pepe "o Poeta" ou María Soliña enriquecerá os nosos coñecementos. Magoa que sexan moi poucas as rúas dedicadas a mulleres importantes ou colectivos de mulleres como as conserveiras ou as redeiras que tamén marcaron a historia e o desenvolvemento de Cangas e o fixeron dende a participación colectiva con ese concepto de democracia participativa tan presente na nova política", argumenta Tania Castro.

Unha semana despois, o sábado 5 de novembro, comezará o programa "Outono en ruta", que contará coas seguintes rutas: "Segredos do carballal de Coiro", "Massó: o sentir dun pobo", "Aldán: un condado á beira do mar", "Rúas con historia", "Panorámica de Cangas" e "Monte do Facho".

Recordámoslle aos interesados que para informarse ou inscribirse nas rutas deste proxecto só teñen que pasarse polas oficinas de turismo do concello de Cangas, chamar ao 986392023 ou 986300875, ou enviar un email a turismo@cangas.gal.

Concellaría de Medio Ambiente e Turismo